

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 7 de maio de 2024, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- Punto 1. Elección da Vicepresidencia da Comisión** (artigos 41 e 36 do Regulamento da Cámara)
- Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia**, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986
- Punto 3. Preguntas**
- 3.1 998 (12/POC-000143)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Vidal Lamas, Sonia e Fernández González, Ariadna  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao uso de probas máis precisas nas campañas de saneamento gandeiro e o desenvolvemento dun plan para controlar o tránsito de animais procedentes de fóra de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024*
- 3.2 1668 (12/POC-000270)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara  
Sobre o estado en que está a tramitación do proxecto do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia para este ano, o proceso de participación do Consello Forestal de Galicia e o cumprimento da normativa autonómica e estatal nesta materia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024*
- 3.3 1966 (12/POC-000321)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen  
Sobre as accións que prevé pór en marcha o Goberno galego para impulsar a produción da viticultura tradicional da Ribeira Sacra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 17f2, do 25.04.2024*
- Punto 4. Proposicións non de lei**



- 4.1 409 (12/PNC-000001)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Candia López, María Elena e 8 máis  
Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de profundar nun modelo silvícola baseado no aproveitamento e na expansión das masas de frondosas autóctonas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 05.04.2024*
- 4.2 410 (12/PNC-000002)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Candia López, María Elena e 8 máis  
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que requira de todas as deputacións provinciais galegas a colaboración decidida en materia de loita contra os incendios forestais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 6, do 05.04.2024*
- 4.3 1737 (12/PNC-000208)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Fernández, Secundino e 3 máis  
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) proceda a aboar os expedientes de axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 correspondentes á campaña de 2023  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2024

**María  
Elena  
Candia  
López**

Firmado digitalmente  
María Elena Candia  
López  
Nombre de  
reconocimiento (DN):  
cn=María Elena Candia  
López,  
email=elena.candia.lopez  
@parlamentodegalicia.es  
Fecha: 2024.04.29  
13:41:21 +02'00'

María Elena Candia López  
Presidenta da Comisión





Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 29/04/2024 13:41:21

